



AGUIE A IGUA C. DTA

Logo: FMA ONJUTAN A TUBIHOI. DA IGUE

1

Escoita, compañeira, ábrelle a porta ó día
que agallopa nas chairas, nas montañas, nos vales,
nas fontes do silencio, herdo do noso pranto.
Ábrelle a porta ó día que vén tralas montañas,
que invade os arredores dos camiños da vida.
Os cabalos da noite retroceden ó abismo,
compañeira, os cabalos da miseria e do espanto
retroceden á noite e os afogos do sangue
desenvolven estrelas que coroan a albada.
Sete estrelas sinalan o despertar do día
e furan o horizonte as cores terrestres
do futuro que avanza coma exército activo,
e invencibles pisadas despertan a memoria
das historias inscritas nos antigos penedos,
petroglifos cravados no colectivo acordo.
O teu corpo é unha pedra que das entrañas xurde
da patria resolvéndose en albas aplazadas
e espantosos sinais fanse agora futuros
que agora están callando nun presente alfeirado
en que as rosas agroman e caraveles roxos
sinalan e celebran a contención da morte
no verdor destes campos, na verde nosa herencia.
Ábrelle a porta ó día, que entre na casa nosa
o xúbilo do lume, a procesión da vida,
os ecos da derrota da morte que asexaba
nos séculos terribles da nosa patria antiga.
O teu corpo é unha frol de froitidor outono,
nova vida que sobe os cumes albiscados,
concreción do penedo, continuación das historia
nunha longa vereda que conduce ó futuro.
O futuro é unha chousa en que a nosa semente
entérrase e arraiga, e sabemos, amiga,

que o silencio está morto, que procesións insomnes
percorren o futuro, abren portas anchísimas
nas vereas pechadas, nas murallas do medo
que se meteu nos ósos, compañeira, que a terra
circunscrita se eleva por enriba das rutas
que sinala o terror, que o vento sobre as albres
traí berros de victoria e cantares antigos
que recuperan altos renovados mesteres.
~~xxxxxxxxxxxxxxxx~~
A procesión dos mortos, a compañía dos mártires
está contida agora entre os brazos que apertan
as albres do placer que entre nós se levantan.
Compañeira, abre as fiestras, mira pasar a grea
dos caídos que agora se levantan en xungo,
renovados e verdes nas herbas funerarias
do cementerio inmenso que fixeron da terra.
Escoita cómo pasan polas inmensas chairas
dez mil homes camiño de morte heroica e viven
de novo na memoria dos salgueiros que espellan
no Miño, cómo Alonso de Lanzós vai diante
e fica no sudario da imborrable memoria
que ondeamos ó vento dignidade e orgullo
en que nós apagamos a sede da victoria.
Compañeira salgada, zume escuro da terra,
deixa que beba en tí licor de seguransa
e mira pola fiestra, baixa comigo á rúa,
forma comigo parte da lexión dos famélicos.
Ábelle a porta ó día, enterra a noite irada,
esquenze e non esquenzas x as derrotas do pobo
que agora se convirten en non contible avance,
mira cómo brandean ó ventimperio os símbolos,
cómo se erguen bandeiras en todos os curutos,
cómo persoas férreas sinalan os camiños,

cómo a nosa semente frolea nunha patria
que escomenza a albiscarse nas palabras que agora
estoupan máis alegres, na voz dos compañeiros,
nas estrelas que mestas callan no azul e branco,
ouh, compañeira amada, manantío de placer.
Abre as portas, as fiestras e deixa que o arrecendo
das trigueiras maduras entre na nosa casa,
que o agurgullar da fonte seña música nova
e que os paxaros canten a nova mañá clara,
fillos da madrugada que agora se perfila
nas mans traballadoras de moitedumes nosas
unénimes erguéndose protagonistas da alba.
Compañeira e amada, o teu corpo é de mel,
estremécese acorde co meu tremer e medra
por entre os piñeirales que poboan os nosos
territorios herdados a pesares do medo,
sin que a morte e a ira nos deixaran inanes
nin o terror e espanto puideran desherdarnos.
Dime tí, compañeira, que a vida é moi fermosa,
que as túas mans non son lenes porque o traballo crea
asperezas amadas coma a casca das albres,
dime tí, compañeira, pozo de min, naufraxio,
que se erguerán antergos soños coma asubíos
sobre a nosa xuntanza lívida, tesa e dura,
que os camiños bifurcan e xúntanse de novo,
que a historia é cousa nosa, colectiva, entendida
coma inserción no río que non volve á montaña,
caudaloso e pausado conténdonos a todos,
coma crecente maia, quente riada longa.
Abrelle a porta ó día, fiestras e fachinelos,
que entre por eles toda a alegría dos pasos
que resoan na bóveda ~~do~~ dos astros que sinalan

o camiño de todos, a ledicia e o norte.
Ábrelle a porta ó día, compañeira e amada,
que entre na casa nosa o milagre esperado,
o enchemento das chairas, o acugulo da historia,
o estoupido do abreinte en castelos de lume.
Ábrelle a porta ó día,/compañeira e amada
do placer sin remorso, das bandeiras ó vento,
da esplendorosa risa, da ocupación do mundo.
Ábrelle a porta ó día, compañeira e amada.